

DÍA DO SOCIO 2019 - Pasada Das Cabras

Emotiva e intensa xornada vivida, compartida e disfrutada o pasado sábado/22, por mor da celebración do Día do socio de Pasada das Cabras. Comentaba neste mesmo espazo, fai xustamente un ano, o día seguinte da mesma celebración no 2018 (comentario recollido na revista impresa anual do grupo), o especial significado que tan intenso acontecer ten por partida dobre para asociados e directivos da referida Asociación deportivo-montañeira: unha especie de ofrenda ó socio, por parte dos directivos, como valores activos do grupo, e como agradecemento á fidelidade e lealtade amosada (á Asociación) nestos xa 15 anos de vida institucional, e dos primeiros aos segundos pola implacable labor desenvolvida neste longo traxecto percorrido de forma conxunta, polo esmero e adicación que poñen ao servizo dunha institución, hoxendía referente das actividades de lecer na contorna, e “ culpables “ do sentido de pertenza coa mesma, un xustificado e curioso salvoconducto sentimental e real, co que todos os asociados nos identificamos.

Este ano estreamos o roteiro circular de Burela marcado e balizado pola propia asociación (algunos asociados xa o percorreron o día da inauguración oficial do mesmo), que transita polos límites xeográficos da vila mariñeira, unha excusa perfecta para descubrir e coñecer os encantos paisaxísticos e artísticos da mesma, dende o histórico peirao, xerme do seu precoz e rápido desenrolo económico e demográfico, as praias urbana e do Cantiño, a fermosa vereda á modo de paseo marítimo polas beiras do Cantábrico, a vila do Medio, a área recreativa do monte Castelo (espazo escollido para o xantar posterior) ou a área xeolóxica do Perdouro, un tratado pedagóxico de oroxenia, todos eles verdadeiras testemuñas dos referidos encantos.

Son, polo tanto, variadas e diversas as posibilidades que o roteiro ofrece o sendeirista, misturando ese tránsito urbán e costeiro con desnivéis interesantes (suxestiva e, aínda que pouco ortodoxa e sen riscos, a baixada pola pista, dende o Monte Castelo polas tremendas vistas aéreas), que semellan percepcións medio montañeiras no caminante, engullido cecais polo fermoso ambiente organizativo e o aroma satisfactorio que se percibe nesta xornada festivo-montañeira, rematada co xantar de confraternidade na carpa instalada á tal efecto, na explanada da referida área recreativa.

Antes o amigo Juan de Celsa, ofreceonos a súa enésima lección interpretativa das mellores pezas do folklore galego e sudamericano, coa mesma cadencia e sonoridade vocal dos discos de pizarra. Con él un retorna os sons da infancia, aos que forxaron a sensibilidade e personalidade que atesoura.

Houbo tamén, como ven sendo habitual, representación doutras asociacións e grupos de sendeirismo da contorna, especialmente do naviego “ Peña Furada “, encabezado polo seu presidente Santos, xovense nativo, e naviego de adopción, pioneiros dos grupos de montaña do Principado, forxadores de ilusións prominentes, e inspiradores dos grupos montañeiros de hoxendía.

Moito respecto e moita devoción para tanta semblanza acumulada, tanta sabedoría, tantas pisadas aprendidas e compartidas, por iso cando nos atopamos e abrazamos coma nesta ocasión, un, a pesar da idade, non pode deixar de emocionarse e sonroxarse.

Quedamos todos os asistentes emprazados para o 2020!!